AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

Grao en Lingua e literatura galegas

Curso Académico: Curso 2020-2021

- ■ Datos da universidade e do título obxecto do seguimento
- ■ Cumprimento do proxecto establecido
    - ■ Dimensión 1. A xestión do título
        - ■ Criterio 1. Organización e desenvolvemento
        - ■ Criterio 2. Información e transparencia
        - ■ Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
    - ■ Dimensión 2. Recursos humanos
        - ■ Criterio 4. Recursos Humanos
        - ■ Criterio 5. Recursos materiais e servizos
    - ■ Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
        - ■ Criterio 6. Resultados da aprendizaxe
        - ■ Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
- ■ Modificacións do plan de estudos
- ■ Listaxe de evidencias e indicadores

■ Plan de melloras

- ■ Abertas Curso 2020-2021
  - ■ Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
    GLLG_AM-1 (Curso 2020-2021)
    GLLG_AM-2 (Curso 2020-2021)
    GLLG_AM-3 (Curso 2020-2021)
  - ■ Criterio 2 - Información e transparencia
  - ■ Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
  - ■ Criterio 4 - Recursos humanos
  - ■ Criterio 5 - Recursos materiais
  - ■ Criterio 6 – Resultados da aprendizaxe
  - ■ Criterio 7 – Indicadores de satisfacción e rendemento
    GLLG_AM-4 (Curso 2020-2021)

- ■ Finalizadas Curso 2020-2021
  - ■ Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
  - ■ Criterio 2 - Información e transparencia
  - ■ Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
  - ■ Criterio 4 - Recursos humanos
  - ■ Criterio 5 - Recursos materiais
  - ■ Criterio 6 – Resultados de aprendizaxe

| 1. DATOS DO TÍTULO | |
|---|---|
| Denominación do título | Grao en Lingua e literatura galegas |
| Mencións/Especialidades | ------------- |
| Universidade responsable administrativa | Universidade de Santiago de Compostela |
| En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s | ------------------------------- |
| Centro responsable | Facultade de Filoloxía |
| Centro/s onde se imparte | Facultade de Filoloxía |
| Rama de coñecemento | Artes e Humanidades |
| Número de créditos | 240 ECTS |
| Profesión regulada | ------------------ |
| Modalidade de impartición | Presencial |
| Curso de implantación | 2009/2010 |
| Data acreditación ex ante (verificación) | 22/06/2009 |
| Data renovación acreditación | 15/09/2017 |

## 2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O plan de estudos do Grao en Lingua e Literatura Galegas (GLLG) mantén a súa relevancia no sistema universitario de acordo cos requisitos esixidos no seu ámbito profesional, académico e científico. As accións de actualización desenvolvidas nos últimos cursos supuxeron, entre outras actuacións, a implantación de materias que contribuíron a mellorar a preparación do alumnado, tanto no marco da súa formación académica como no da súa incorporación no mundo laboral. Tamén contribuíron á mellora os cambios de curso de determinadas materias.

En relación coa adecuación do título ás saídas laborais máis inmediatas dos graduados do GLLG, estas continúan a ser o ensino (docencia na Educación Secundaria e docencia en lectorados de universidades fóra do sistema universitario galego) e a investigación (centros públicos de investigación en humanidades e ciencias sociais). Con todo, hai outras, como os Servizos de normalización das diferentes institucións, o mundo editorial e a prensa. E na actualidade os especialistas en lingua galega tamén teñen un papel importante en todo o relacionado coas novas tecnoloxías. Pero con diferenza, a docencia no ensino obrigatorio das materiais de lingua e literatura galegas é o principal destino profesional do alumnado do GLLG. Nos últimos anos, co incremento do número de prazas ofertadas nas convocatorias de oposicións, foron moitos os graduados que, unha vez superado o Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, se incorporaron ós cadros de persoal de centros de ensino medio. No ano 2020 convocáronse 51 prazas para profesores de secundaria da especialidade Lingua e literatura galegas e parece previsible que esta oferta se manteña en anos posteriores e mesmo se incremente. Tamén se convocaron en 2020 8 prazas de profesores-lectores en universidades de fóra do sistema universitario galego e en 2021 o número deste tipo de prazas que se convocaron foi de 11.

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Durante este curso non se produciron modificacións na oferta de módulos e materias do GLLG. A estrutura de módulos e materias mantense de acordo co establecido na MV coas únicas dúas propostas de modificación que se realizaron en cursos anteriores. Concretamente, a materia *A literatura infantil e xuvenil galega* (G5051342) deixou de ofertarse no curso 2017-18 e foi substituída no 2019-2020 por *Teoría e práctica da tradución literaria en galego*. A outra materia é *Ensino do galego como segunda lingua e lingua estranxeira (2015-16)* que substituíu *a Cinema e literatura galega* (G5051344). Esta materia estase impartindo desde o 2016-17 cuns índices de matriculación que nos dous últimos cursos presentan un aumento importante. A inclusión desta materia ten como obxectivo mellorar a formación do alumnado nun aspecto ligado directamente coa principal

saída profesional, o ensino.
Con relación ó tamaño dos grupos teóricos, os datos dos que disponemos só chegan ata o 2018. Pero parece evidente que o aumento de alumnos matriculados na titulación incrementa lixeiramente a media de alumnos por grupos teóricos (28) e prácticos (20). Con todo, estes índices evidencian que se mantén unha distribución que garante a calidade da docencia recibida.
A media de estudantes matriculados en materias FB ou OB é de 62,05 (IN55G), un pouco superior ás dos anos anteriores. Isto é previsible, dado que nos últimos anos a matrícula neste grao completa as prazas que se ofertan. A media de alumnado matriculados en materias optativas por grupo de teoría (expositivas) é moi semellante nos tres últimos anos (35,1), aínda que se observa un pequeno aumento de un tercio de punto dun ano para outro (IN56G) .
Con respecto á participación do alumnado en programas de mobilidade, tanto entrante como saínte, o número de participantes é escaso, dada a singularidade da titulación. Neste curso non houbo estudantes procedentes de programas de mobilidade na titulación. En canto á participación de estudantes do GLLG en programas de mobilidade, concedéronse 4 bolsas Erasmus, pero só unha persoa realizou a estadía, concretamente en Lisboa. Para o programa SICUE concedéronse 4 estadías, pero non se realizou ningunha. Seguramente, nestes casos a situación sanitaria influiu nas decisións do alumnado de non realizar as estadías. Proponse unha acción de mellora

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:
O GLLG neste curso, malia a seguir nunha situación de pandemia, volveu á docencia presencial. Con todo, seguindo as intrucións ditadas pola Reitoría (20_06_26_Directrices-docencia-2020-2021.pdf), na programación de cada unha das materias o profesorado deseñou tres escenarios posibles en función da evolución sanitaria. A realidade é que este curso xa se puido impartir docencia presencial en tódalas materias e só houbo que axustar o número de horas presenciais nos grupos teóricos máis numerosos. Nesas materias complétaronse os contidos a través da aula virtual e de Teams e tamén nos grupos de interactivas nas que toda a docencia foi presencial.
O GLLG seguiu durante este curso con accións para garantir a coordinación horizontal e vertical. Neste senso, é moi importante a traballo de coordinación que realizan os coordinadores de curso. Ademais, naqueles casos en que hai máis dun profesor nunha materia hai tamén un coordinador/a que realiza con todo o profesorado da materia reunións semais para garantir un traballo semellante en tódolos grupos.
Ofrécense prácticas externas en institucións públicas, relacionadas con investigación, en editoriais e en servizos de normalización lingüística. No hai indicadores sobre satisfacción dos estudantes coas prácticas externas para este curso (IN19), tampouco temos datos dos titores académicos nin dos titores profesionais (IN20) e (IN21). A porcentaxe de estudantes egresados neste curso que ó longo dos seus estudos realizou prácticas externas é do 10,71, unha porcentaxe lixeramente máis baixa ca do curso anterior, pero unha porcentaxe importante se se ten en conta que só dous cursos antes (2018-19) non houbo ningún alumnos/as egresado que fixera prácticas externas nalgún curso. Os datos de satisfacción de titores académicos, profesionais e estudantes non existen, cómpre traballar, polo tanto, para animar a tódolos grupos de interese a que cubran as enquisas de satisfacción para poder analizar e mellorar todo o proceso. E tamén cómpre analizar as razóns polas que hai poucos estudantes que solicitan as prácticas. Quizais unha razón é que o alumnado ten a súa docencia concentrada pola mañá e na maior parte dos centros /empresas ofrecen un horario tamén de mañá
Nos cursos 2018-19 houbo 7 alumnos en prácticas, en 2019-20, houbo 3 e en 2020-21 non houbo ningún. Isto pode estar relacionado coa situación de pandemia que aínda estivo moi presente durante este curso. Pero quizais máis importante ca iso, é o feito de que as prácticas só se ofrezan en cuarto curso, un curso complicado polo feito de que tamén teñen que realizar o TFG. As prácticas externas son unha actividade realmente importante na formación dos nosos estudantes, cómpre

polo tanto analizar posibles alternativas que poidan favorecer un maior interese por parte dos estudantes. Propoñemos unha acción de Mellora.

## 1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso 2020-2021 accederon ó GLLG 60 estudantes. O número inicial de solicitudes foi de 208 para 50 prazas ofertadas. A nota media de acceso dos alumnos que se presentaron ás PAAU foi de 9,22, a máis alta dos últimos seis cursos. A maior parte dos matriculados accederon pola cota xeral (57); tamén seguiu aumentando a porcentaxe de estudantes que accederon á titulación con puntuación igual ou superior a seis (100%). É de destacar que as solicitudes como primeira opción supuxeron o 29,8% do total, pero o máis importante é que destas solicitudes o 80% delas finalmente se matricularon no GLLG. A taxa de ocupación en 2021 é do 120/%. Todos estes datos dan conta da consolidación do grao na oferta de títulos do SUG.

Os alumnos que accederon pola cota xeral son todos orixinarios de Galicia (2501098_INF.CIUG_2020-2021), principalmente das provincias da Coruña e Pontevedra (48), fronte ás de Lugo e Ourense. As primeiras son as de maior poboación, o que explicaría esta diferenza. Con todo, cómpre seguir co labor de difusión que realiza o profesorado que participa nas charlas do programa A Ponte co Ensino Medio nos centros, sobre todo nas de Lugo e Ourense. De todas formas, esa diferenza de acceso é posible que teña que ver con outros factores non dependentes da difusión que se lle faga á titulación, como o grao de acceso ao ensino universitario entre os estudantes desas zonas, a composición socioeconómica ou outras circunstancias que aquí non podemos ter en conta.

A porcentaxe de estudantes estranxeiros de fóra de Galicia sobre matriculados é moi pequena (0,51) o que se explica ben polas características da propia titulación.

Seguindo a tendencia dos anos anteriores, cabe destacar que continuou aumentando o número de estudantes que escolleron esta titulación como preferente. No cadro que segue amósanse os datos deste curso e dos catro anteriores, con especificación da matrícula xeral, da matrícula de inicio de estudos, do número de matriculados en 1ª opción, da porcentaxe do número de matriculados en 1ª opción e da porcentaxe de estudantes con puntuación de acceso igual ou superior a seis. Da comparación entre estes cursos obsérvase o incremento nas cifras que se vén producindo nestes últimos anos e que dá conta da consolidación do grao na oferta de títulos da SUG.

| Curso | Matrícula | Matrícula de incio de estudos | Nº de matriculados en 1ª opción | % de matriculados en 1ª opción | % de estudantes que acceden con puntuación igual ou superior a 6 |
|---|---|---|---|---|---|
| 2020-21 | 195 | 60 | 48 | 96% | 100% |
| 2019-20 | 165 | 55 | 45 | 88% | 92.73% |
| 2018-19 | 143 | 45 | 39 | 72% | 97.78% |
| 2017-18 | 140 | 56 | 51 | 96% | 87,27% |
| 2016-17 | 118 | 28 | 17 | 34% | 56% |

## 1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:
As normativas xerais da USC e específicas da Facultade de Filoloxía aplicáronse de forma adecuada neste curso 2020-21. Pero neste curso a situación da pandemia non estaba superada totalmente, polo que desde a USC ditáronse normativas e regulamentos relacionados co desenvolvemento da docencia nas que se prevían distintos escenarios en función da evolución sanitaria: *R. R. do 2 de setembro de 2020 pola que se dispoñen medidas fronte á covid-19 para o inicio do curso 2020-2021*. *Acordo do Consello de Goberno do 24-07-2020, polo que se aproba a modificación do Regulamento de Planificación Académica, de acordo coa proposta e texto consolidado que se adxunta* (http://hdl.handle.net/10347/23264).
En relación coa normativa de TFG neste curso estivo vixente a *Normativa de Traballo de Fin de Grao, Aprobado polo Consello de Goberno de 18 de xullo de 2017*. Non obstante, por mor da situación sanitaria, permitiuse seguir ó longo desde curso coa defensa dos TFG diante de titor/a mediante a *R. R. pola que se autoriza a defensa ante o titor ou titora dos traballos de fin de grao no curso 2020-2021* (http://hdl.handle.net/10347/24245). E autorización da Vicerreitoría de organización académica. (ver PDF).

Durante o curso 2020-21 aprobouse ou modificouse a normativa seguinte

Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Santiago de Compostela aprobado pola Xunta de Facultade o 24/01/2020 e ratificado polo Consello de Goberno o 07/02/2020. A aplicación do Regulamento de Réxime Interno non se realizou ata a renovovación dos membros que se formalizou no curso 2020-2021.

Normativa de Traballo de Fin de Grao das titulacións de Grao en Filoloxía Clásica, Grao en Lingua e Literatura Españolas, Grao en Lingua e Literatura Galegas, Grao en Lingua e Literatura Inglesas e Grao en Linguas e Literaturas Modernas da Universidade de Santiago de Compostela aprobado polo Consello de Goberno do 25/02/2021.

Modificación da Memoria do Grao en Filoloxía Clásica, Grao en Lingua e Literatura Españolas, Grao en Lingua e Literatura Galegas, Grao en Lingua e Literatura Inglesas e Grao en Linguas e Literaturas Modernas: modificación do número de créditos mínimo necesarios para cursar as prácticas en empresas que pasa de 150 ECTS a 120 ECTS superados aprobado por Consello de Goberno o 25/06/2021.

| DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO |
| --- |
| CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:<br>Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.<br>Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese). |
| 2.1.- A institución pública, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade. |
| Aspectos a valorar:<br>• Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.<br>• A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.<br>• Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese. |
| Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:<br>A información relevante para todos os grupos de interese actualízase convenientemente e está publicada na web da Facultade de Filoloxía (https://www.usc.gal/gl/centros/filoloxia/index.html) e mais na da USC (http://www.usc.gal/). Neste curso non se produciron modificacións importantes na presentación nin nos procedementos de información na web da Facultade de Filoloxía. Os sitios en que o alumnado interesado pode encontrar información específica sobre o GLLG son:<br>• Páxina con información xeral descritiva sobre o GLLG: https://www.usc.gal/gl/estudos/graos/artes-humanidades/grao-lingua-literatura-galegas. Nesta páxina pode encontrase información sobre:<br>o Presentación<br>o Plan de estudos por curso<br>o Plan de estudos por módulos<br>o Oferta e admisión<br>o Recursos materiais<br>o Obxectivos e competencias<br>o Mobilidade e prácticas<br>o Saídas profesionais<br>o Traballo de Fin de Grao<br>o Equipo docente<br>o Indicadores de calidade<br>o Informacion adicional sobre o grao de Lingua e Literatura Galegas<br>o Hai tamén información de carácter xeral sobre admisión e matrícula, normativa, bolsas e axudas, Biblioteca de Filoloxía, vídeo explicativo sobre a estrutura dos graos de Filoloxía.<br><br>O GLLG conta tamén cun blog mantido pola coordinación do grao e pola dirección do Departamento de Filoloxía Galega no que se ofrece información de interese sobre a titulación e sobre actividades relacionadas: https://graogalegousc.wordpress.com. Ademais, mantense unha páxina de Facebook: https://www.facebook.com/graoenlinguaeliteraturagalegas<br>A coordinación do GLLG utiliza a aula virtual de coordinación como ferramenta de comunicación co alumnado. Por medio desta vía fíxoselle chegar información sobre os TFG (procedemento de avaliación, A Longa Noite do TFG, cursos de formación e outros), sobre o módulo de orientación laboral e o curso de competencias en información, bolsas de colaboración, prácticas profesionais, concursos literarios, diferentes convocatorias e diversos aspectos que lle afectaban en relación coa situación de pandemia.<br>Non hai datos de satisfacción sobre os servizos recibidos polo alumnado a nivel de título nin de facultade. |

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

**Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.**

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

**3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.**

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

No curso 2020-21 seguiuse, de acordo cos procedementos establecidos, coa recollleita e análise da información, detección de debilidades e propostas de acción de mellora e seguimento das mesmas.

A comisión de título do GLLG e a Comisión de Calidade do Centro realizaron o seguimento do desenvolvemento e Mellora do título (vid. Actas correspondentes). Na páxina web do centro pódense consultar as composicións das comisións: https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/calidade/organos-sistema-garantia-calidade

Desde a facultade realizouse unha enquisa de elaboración propia:

1) Análise do perfil de ingreso e dos procedementos para a captación de alumnado: enquisas ós estudantes de primeiro curso de grao co fin de coñecer a súa procedencia xeográfica, cales son os seus intereses e a motivación para cursar un grao na facultade no curso 2020-21: https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/resultados-enquisas-satisfaccion.

Este cuestionario foi contestado por 227 estudantes, dos que 45 están matriculados no GLLG. Destes datos podemos deducir que a motivación maioritaria polos graos de Filoloxía son a afección pola lingua e a lingüística (61%) e a afección pola literatura (50%). En canto á actividade que prefiren realizar ó rematar a titulación a maioritaria é a docencia tanto no ensino medio (64%) coma na universidade (37%).

O centro procurou contribuir ó aumento na participación nas enquisas de satisfacción distribuídas pola ACMP a través de anuncios (información sobre o proceso de avaliación e as datas das enquisas) na pantalla informativa, con letreiros en lugares visibles e tamén a través da lista de distribución de correo electrónico do profesorado, onde se anima a todo o PDI a que lembre nas clases a importancia de participar. Desde a coordinación do título do GLLG por medio das ferramentas da aula virtual de coordinación difundiuse información e documentos a todo o profesorado e estudantado do título. De maneira particular, os profesores das materias do GLLG ofrecéronlle información nas aulas ó alumnado sobre a necesidade da súa colaboración neste proceso de obtención de información.

Tódolos procedementos de avaliación, elaboración e aprobación das programacións docentes e de queixas desenvolvéronse consonte o establecido no SGIC e as correspondentes normas.

Durante o curso 2020-21 houbo tres queixas relacionadas coa situación sanitaria que se resolveron segundo as normas establecidas.

Houbo unha reclamación sobre a nota dunha materia do grao. A resolución seguiu o proceso marcado na normativa e foi desestimado o recurso.

**3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.**

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A facultade de Filoloxía dispón do Manual do Sistema de Garantía de Calidade actualizado e tamén do Manual de procesos da facultade de Filoloxía.

No curso 20-21 o centro fixo o seguimento de tódolos títulos de grao e mestrados adscritos á Facultade seguindo o calendario establecido pola Área de Calidade da USC. En relación co GLLG o informe de seguimiento foi aprobado n reunión da Comisión de Grao de Lingua e Literatura Galegas do 14/04/2021.

Polo que respecta á Memoria de Calidade do curso, onde se inclúe o Plan de Melloras a nivel de centro, foi elaborada pola Comisión de Calidade do Centro e aprobada en reunión extraordinaria o 12/05/2021. Tanto as Memorias de Calidade do Centro como os Informes de Seguimiento dos distintos títulos, do curso 2020-21 e anteriores, son públicos e están accesibles desde a páxina do centro, de maneira que tódolos grupos de interese poden acceder a esta documentación e contribuir á reflexión (https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/calidade ).

**3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O SGC da USC desde a modificación de 2018 dispón dunha nova estrutura da documentación en dous niveis:

a) institucional
b) e nivel de centro

Nos dous casos contan cun Manual do Sistema de Garantía de Calidade e cun Manual de Procesos que teñen como finalidade asegurar a toma de decisións nos diferentes órganos responsables, a dispoñibilidade dos recursos necesarios e a mellora continua dos programas formativos e do propio funcionamento do sistema.

A facultade de Filoloxía dispón do Manual do Sistema de Garantía de Calidade e tamén do Manual de procesos da facultade de Filoloxía elaborados e aprobados pola comisión de calidade da Facultade de Filoloxía o 27/02/2020, aprobados pola Comisión Permanente da Facultade de Filoloxía o 27/02/2020 e aprobados pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno 30/09/2020.

USC

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:
**Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.**
Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**
Por mor das circunstancias non se poden comparar algúns parámetros cos cursos anteriores (accións de mobilidade, profesores visitantes...).

**Profesorado do título**
Os 15 profesores que imparten docencia no GLLG (materias de formación básica con contidos específicos do GLLG, de Maior e de Maior plus) teñen recoñecida experiencia investigadora e docente adecuada para desenvolver as súas tarefas na titulación. Neste curso o GLLG dispuxo de dous docentes menos con respecto ó curso anterior. Este feito unido á media de idade elevada do PDI (as persoas máis novas do noso PDI achéganse ós 50 anos). vai supor un problema nos próximos cursos para levar adiante unha actividade docente adecuada no grao. Cómpre, polo tanto, iniciar plans desde a USC para tratar de resolver este problema.
De acordo con datos do curso 2020-2021, a porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total é do 89,29 % superior ó do informe anterior 88,24%, a de doutores é do 84,47% e o 69,9% é funcionario. Nestes tres indicadores as porcentaxes do PDI do grao están sempre por enriba da media da USC (85,47%, 84,17% e 58,56%). Nos últimos cursos procurouse unha estabilidade no encargo docente e, como consecuencia, neste curso a maioría dos profesores levaba unha media de 5 anos responsabilizándose das mesmas materias no GLLG. Este feito ten unha repercusión positiva na calidade da docencia recibida polo alumnado (a satisfacción do alumnado coa docencia recibida é semellante á dos últimos anos: un 4.03%. A taxa de resposta a esta pregunta non chega á metade (41,67), pero é superior á do ano anterior (40,53). Cómpre seguir transmitíndolle ó alumnado a importancia da súa participación nas enquisas de satisfacción.

Durante ese curso tivo responsabilidades docentes unha investigadora en formación con contrato predoutoral da Xunta de Galicia. A este respecto, debemos mencionar que aínda que os contratados en formación con carga docente están sempre titorizados e supervisados por un PDI, tamén interveñen na toma de decisións que ten lugar nas reunións de coordinación das materias nas que participan como docentes.

O profesorado responsable das materias de 1º curso de formación básica ten ampla experiencia docente e investigadora, como se pode comprobar polos datos que figuran no documento E15_2020-2021. Conta ademais coa colaboración dunha profesora en formación que permite achegar un espíritu innovador, maior coñecemento das características do alumnado pola súa recente graduación e, en xeral, unha nova perspectiva docente sobre o proceso

de ensino.

Formación do profesorado (15)
Durante este curso o profesorado do GLLG participou en actividades de formación docente, fundamentalmente a través da oferta da USC e de seminarios específicos ofrecidos pola propia Facultade de Filoloxía. Neste curso a participación do PDI nas actividades de formación foi dun 45,9% un punto menos ca no curso anterior, pero moi superior ó do curso 2018-19. Por mor da pandemia o PDI necesitou tanto no curso pasado coma neste o apoio en formación para desenvolver adecuadamente as súas actividades docentes, actividades que, no conxunto da USC, valoraron moi positivamente, cun 4,49 sobre 5.

Mobilidade do profesorado
Neste curso, a alumna predoutoral Lago Caamaño, Clara (2021) estivo cunha estadía de investigación no Romanisches Seminar da Universidade de Zürich (Suíza), durante o período 01/08/2021 a 31/10/2021. Financiamento: Axudas de apoio á etapa predoutoral, Xunta de Galicia.

Con respecto ás prácticas externas, coma nos cursos anteriores os profesores do GLLG titorizaron academicamente ó alumnado que desenvolve as prácticas externas. Neste curso, probablemente polos efectos que aínda se arrastran da situación de pandemia, non houbo ningunha solicitude para realizar prácticas externas. Cómpre seguir informando ó alumnado desta posibilidade e do beneficio que pode supor esa experiencia. Con todo, un 10,71% do alumnado que remata o grao realizou prácticas externas.

Profesores /as investigadores visitantes. Durante este curso estaban previstas 3 estadías de profesores visitantes, pero por mor da pandemia só se completou unha, a de Alejandro Alonso Nogueira. 01/09/2020 a 31/10/2020.

Actividades SEFORIN.

Curso 2020-2021- Conferencia de João Paulo Silvestre: "Dictionaries as networks: Castilian and Italian sources in Portuguese bilingual lexicography" (27/10/2020)
Conferencia de María Isabel García Pérez: "Identidade e perfil dixital do investigador. Ferramentas de procura e difusión da produción académica e científica en Internet" (24/11/2020)
Conferencia de Carolina Amador-Moreno: "Irish English discourse markers in perspective" (26/11/2020).
Curso de Carlos Eduardo Deoclécio: "Noticias sociolingüísticas do portugués brasileiro" (23, 24, 25, 30/11/2020 1,2/12/2020)
IX simposio da Asetel “Pensar los medios: géneros, dispositivos y estrategias” (28-29/1/2021)

Actividades de difusión da actividade investigadora

Carlos Eduardo Deoclécio (USC/UFF/Ifes-Campus Vitória/Capes), profesor visitante acollido no seu do grupo FILGA, impartiu o curso Notícias sociolingüísticas do portugués brasileiro. Facultade de Filoloxía. 23, 24, 25 e 30 de novembro e 1 e 2 de decembro de 2020.
Fernández Rei, Elisa (organizadora) (2021): Ciclo de seminarios Análise do discurso, ideoloxías lingüísticas e contacto de linguas, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. 26 xaneiro, 10 febreiro de 2021 (online).

Durante o curso 2020-21 a Facultade acolleu un total de 32 contratados/as en formación. Dous/úas deles/as están relacionados coa titulación do GLLG.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:
- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.

- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Tal como se vén indicando en informes anteriores, o cadro de Persoal de Administración e Servizos (PAS) da Facultade é suficiente para atender as necesidades fundamentais do centro. En todo, caso a facultade segue a solicitar un/ha técnico/a informático/a que sirva de apoio no mantemento do equipo informático e audiovisual que os docentes empregan habitualmente nas aulas.

.

Persoal de Administración e Servizos de apoio á docencia e á administración do centro

O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e investigador e ao estudantado de tódalas titulacións oficiais de grao, master e doutoramento que se ofrecen no centro .

• O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación esixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.

• A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O persoal de Administración e Servizos está composto por:

| Rama | Posto | Nº | Relación contractual | Grupo/ Categoría | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos | 1 | Funcionario | C1/A2/A1 | |
| | Responsable de Asuntos Económicos | 1 | Funcionario | C1 | |
| | Secretaría de Decanato | 1 | Funcionario | C1 | |
| | Secretaría de Departamento | 4 | Funcionario | C1 | |
| | Postos base | 3 | Funcionario | C2 | |
| Servizos | Responsable do Punto de Atención, Información e Servizos | 1 | Laboral | Grupo 4 | |
| | Axudante Técnico de Servizos | 3 | Laboral | Grupo 4 | |

Persoal de Administración e Servizos da Biblioteca da Facultade de Filoloxía:

O persoal auxiiar da Biblioteca resulta suficiente para desenvolver as súas funcións e atender a todos os usuarios, tanto persoal docente e investigador como aos alumnos.

O persoal técnico co que conta nestes momentos a Biblioteca, resulta insuficiente para poder ofrecer todos os servizos necesarios, realizar as tarefas propias do posto e que sexa posible levar a cabo todas as melloras que ten previstas a Biblioteca, tanto de apoio a aprendizaxe como no eido do apoio a investigación.

Na actualidade, na Biblioteca, realízanse tarefas de proceso técnico dos fondos bibliográficos, labores de información, referencia e difusión, así como formación de usuarios e asesoramento ao PDI.

Todo o persoal da Biblioteca conta co nivel de cualificación esixido.

A Institución ofrece posibilidades ao persoal da Biblioteca para actualizar os seus coñecementos e mellorar a súa formación, mediante a realización de distintos cursos.

O persoal da Biblioteca está composto por:

| Rama | Posto | Nº | Relación contractual | Grupo/Categoría |
|---|---|---|---|---|
| Biblioteca | Dirección da Biblioteca | 1 | Funcionario | A1/A2/C1 |
| | Axudante Biblioteca | 3 | Funcionario | A2/C1 |
| | Auxiliares Biblioteca | 6 | Funcionario | C1 |

En relación coa participación do PAS en actividades formativas, poduciuse unha baixada en relación co 2019-20 (66,67%). Con todo, neste curso 2020-21 a súa participación segue a ser importante (43,48%). En canto ó grao de satisfacción coas actividades formativas estas manteñen unha valoración semellante nos últimos anos (7,64 sobre 10). Por último, en relación co nivel de satisfacción co seu traballo indican que dun 3,84% sobre 5.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, …
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistencias e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), …
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,… son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,…) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oriéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analizase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As actividades vinvuladas coa docencia e a formación do GLLG desenvólvense na Facultade de Filoloxía da USC. Todas estas actividades desenvolvéronse durante o curso 2020-21 de xeito satisfactorio, cumprindo, naturalmente as instrucións da USC relacionadas coa situación sanitaria.

Ó longo deste curso realizáronse diversas intervencións na Facultade coa finalidade de mellorar espazos que inflúan positivamente nas actividades docentes e investigadoras do centro..

Biblioteca

Datos correspondentes a 2021 (proporcionados pola biblioteca):

- • Total de títulos de monografías: 168.953
- • Total de volumes de monografías: 208.895
- • Volumes de monografías ingresados. 2.255
- • Títulos de publicacións periódicas. 2.584
- • Títulos de publicacións periódicas en curso de recepción: 342

- • Total de documentos catalogados: monografías 2.255
- • Volumes prestados no centro: 35.168
- • Volumes de Filoloxía prestados na BUSC: 31.596
- • Cursos impartidos: 2 (50 horas e 151 asistentes)
- • Redes sociais: Pinterest, Facebook e Instagram

Actividades PAT. Curso 2020-2021
Sesión de benvida aos estudantes de grao de novo ingreso (21/09/2020)
Sesión de benvida e orientación para estudantes de mestrados (por mestrado)
Actos de recepción dos estudantes alleos (25/9/2020 e 5/2/2021)
Sesión informativa sobre o TFG para estudantes de cuarto curso (30/09/2020).
Actividades formativas para a elaboración e defensa dos TFG: Obradoiros (MSTeams) (25/11, 9/12, 16/12 /2020)
Sesión informativa sobre as convocatorias de programas de mobilidade de estudantes (24/11/2020)
Sesión informativa sobre o programa de prácticas externas para os estudantes dos títulos de grao da Facultade (7/10/2020).
Sesión informativa sobre a oferta de módulos complementarios e optativos dos títulos de grao, para estudantes de 1º e 2º dos diferentes graos (27/04/2021)
Sesión informativa sobre a oferta dos Mestrados do Centro, para o estudantado que está a cursar o último ano de Grao (28/4/2021)
Charlas da Área de Orientación Laboral e Emprego dirixidas especificamente ao alumnado da Facultade de Filoloxía.
"Oportunidades de prácticas a nivel autonómico, nacional e internacional". (6/5/2021)
" Elabora o teu CV e carta de presentación" (11/5/2021)

**Información Programa Ponte 2020-2021**
**Participación no programa CHARLAS TEMÁTICAS (profesorado da Facultade)**

ANA ISABEL BOULLÓN AGRELO Profesora Titular de Universidade da Área de Filoloxías Galega e Portuguesa Charla: "Por qué nos chamamos así? Os apelidos galegos"
IES DIONISIO GAMALLO (Ribadeo – Lugo) • IES PLURILINGUE FONTEXERIA (Muros - A Coruña) • IES DO MILLADOIRO (Ames - A Coruña).

FRANCISCO XOSÉ DUBERT GARCÍA Profesor Titular de Universidade da Área de Filoloxías Galega e Portuguesa Charla "Linguas en contacto" • IES PAZO DA MERCÉ (As Neves – Pontevedra) • IES GONZALO TORRENTE BALLESTER (Pontevedra) • IES PLURILINGÜE ROSALÍA DE CASTRO (Santiago de Compostela - A Coruña) • IES de SOUTOMAIOR (Soutomaior – Pontevedra) • IES Nº 1 (Ribeira - A Coruña).

MARÍA BELÉN MÉNDEZ NAYA Profesora Titular de Universidade da Área de Filoloxía Inglesa Charla "A journey through time: The history of English vocabulary" • IES AS LAGOAS (Ourense) • IES CAMILO JOSÉ CELA (Padrón - A Coruña) • IES ARCEBISPO XELMIREZ I (Santiago de Compostela - A Coruña) • IES XESÚS TABOADA CHIVITE (Verín – Ourense) • IES AS LAGOAS (Ourense).

VICTOR MILLET SCHRÖDER Catedrático de Universidade da Área de Filoloxía Alemá Charla "Filoloxías con futuro, tradicionais e dixitais" • IES MONTE CASTELO (Burela – Lugo).

XULIO SOUSA FERNÁNDEZ Profesor Titular de Universidade da Área de Filoloxías Galega e Portuguesa Charla "Como cambia o significado das palabras?" • IES MONTE DA VILA (O Grove – Pontevedra) • IES CAMILO JOSÉ CELA (Padrón - A Coruña) • IES CARLOS CASARES (Viana do Bolo – Ourense) • IES DO MILLADOIRO (Ames - A Coruña) • IES AS LAGOAS (Ourense).

**Participación no programa ENCONTROS DO ENSINO MEDIO E DA USC**
A situación sanitaria impediu a celebración destes encontros presenciais. A Universidade organizou uns encontros virtuais cun formato similar aos encontros que tiveran lugar no curso 2019-2020 (vídeos e información relacionada coas titulacións, ligazón para que o estudante puidera interactuar, mediante videoconferencia síncrona, con profesorado e estudantado dos distintos graos).
Páxina de entrada : https://www.usc.gal/gl/encontros-virtuais
Acto inaugural dos Encontros: o 23 de marzo. 13.540 visitas.
Sesións de videoconferencia (Facultade de Filoloxía).

Grao de Lingua e Literatura Galegas.
Martes 23 de marzo, de 16:00 a 17:00h.

**Participación no programa CURSO DE TITORES PARA ALUMNADO MATRICULADO EN ESTUDOS DE GRAO Curso Académico 2020-2021**
3 alumnos/as matriculados/as (un acabou a formación).

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Coa finalidade de dar conta dos resultados de aprendizaxe acadados polos titulados, presentamos a continuación a información tirada de diferentes enquisas realizadas no curso 2020-21. Incorpóranse os de cursos anteriores para poder ver a variación positiva que presentan estes datos sobre o GLLG.

Docencia no grao. Grao de satisfacción coa docencia recibida

O grao de satisfacción da formación recibida é moi similar ó longo dos 5 últimos cursos, superando en case todos os 4 puntos sobre 5. Só o curso 2019-2020 baixa ata o 3,91 de valoración. Pero debemos ter en conta que este curso foi o que sufriu o período máis duro da pandemia. Nos outros 4 cursos, como se pode ver, a valoración está sempre por riba do 4:, 2016-17 (4,15), 2017-18 (4,11), 2018-19 (4,10) e 2020-21 (4,03). É, polo tanto, unha valoración alta que se mantén no tempo e que, sen dúbida, resulta moi importante para o profesorado.

Eficacia do plan de estudos e do proceso de aprendizaxe.

Os datos que se ofrecen a continuación axudan tamén a valorar a eficacia do plan de estudos en relación co proceso de aprendizaxe. Estes son os indicadores que resultan máis ilustrativos.

- Taxa de éxito

A relación entre o número de créditos que superou o alumnado e o número de créditos ós que se presentaron vai mellorando ó longo dos anos. Só é inferior ó do curso 2019-20. Pero hai que ter en conta que, aínda que o curso 2020-21 a situación sanitaria mellorou, seguiron as restricións nos espazos físicos e isto puido influír na taxa de éxito.. En todo caso, entendemos que é un valor de elevado, coincidente coa media da USC. No hai datos da media da Área de Artes e Humanidades para este curso. É tamén significativo que a porcentaxe de éxito se incrementa desde o primeiro ata o cuarto curso (un incremento que é tamén semellante nos cursos pasados).

| | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1º curso | 65,72 | 64,37 | 73,94 | 79,65 | 91,5 | 84.31 |
| 2º curso | 89,33 | 84,19 | 85,16 | 87,68 | 96,19 | 82,42 |
| 3º curso | 91,85 | 90,87 | 93,47 | 92,73 | 95,63 | 94,54 |
| 4º curso | 94,15 | 95,41 | 95,45 | 91,82 | 97,02 | 94,17 |
| Total (%) | 83,76 | 83,03 | 84,11 | 85,79 | 94,32 | 87,83 |
| | | | | | | |
| Media Área de Artes e Humanidades | 84,82 | 86,34 | 86,03 | 87,29 | 93,08 | ___ |
| Media USC | 86,20 | 87,35 | 87,21 | 87,78 | 94,17 | 87,92 |

- Taxa de avaliación

Con especto á relación entre o número de créditos ós que se presentaron e o número total de créditos en que se matricularon, os valores correspondentes a este curso son máis altos ca os dos cursos anteriores en tódolos cursos. E naturalmente tamén a media presenta un valor máis alto. É de sinalar que este valor está lixeiramente por enriba da media da USC. No hai datos da media da Área de Artes e Humanidades para este curso.

| | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1º curso | 76,90 | 76,23 | 81,10 | 81,44 | 89.05 | 92,73 |
| 2º curso | 82,12 | 86,69 | 76,35 | 90,45 | 92.44 | 93,65 |
| 3º curso | 91,02 | 92,44 | 84,32 | 91,67 | 94.96 | 96,32 |
| 4º curso | 79,32 | 81,34 | 84,32 | 74,65 | 84.85 | 87,63 |
| Total (%) | 81,87 | 83,41 | 81,68 | 84,33 | 90.66 | 92,69 |
| | | | | | | |
| Media Área de Artes e Humanidades | 86,12 | 85,82 | 85,66 | 85,61 | 90,12 | ---- |
| Media USC | 89,08 | 89,66 | 89,99 | 90,55 | 94,21 | 92,09 |

- Taxa de rendemento

A relación entre o número de créditos superados e o número de créditos en que se matriculou o alumnado sitúase neste curso nuns niveis máis altos se os comparamos cos cursos prepandemia e algo inferior ó curso 2019-20. Cómpre destacar o aumento que se produce no 3º e 4º curso con respecto ós anos anteriores. De novo, como vimos xa cos outros indicadores, a media neste curso está lixeiramente por enriba da media a USC. No hai datos da media da Área de Artes e Humanidades para este curso.

| | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1º curso | 50.54 | 49,07 | 59,97 | 64,86 | 81,48 | 78,18 |
| 2º curso | 73.36 | 72,98 | 65,02 | 79,31 | 88.92 | 77,18 |
| 3º curso | 83.59 | 84 | 78,81 | 85 | 90,8 | 91,05 |
| 4º curso | 74.68 | 77,61 | 80,49 | 68,54 | 82,32 | 82,53 |
| Total (%) | 68,57 | 69,26 | 68,70 | 72,34 | 85,51 | 81,41 |
| | | | | | | |
| Media Área de Artes e Humanidades | 73,05 | 74,1 | 73,69 | 74,73 | 83,88 | ---- |
| Media USC | 76,79 | 78,31 | 78,48 | 79,49 | 88,71 | 80,97 |

Traballo de fin de grao

No curso 20020-21 ofertáronse 49 TFG no GLLG. Houbo 44 estudantes que solicitaron liña e titor/a. Pero destes solicitantes, 7 tiñan materias pendentes. Dos restantes 37, defendérono e superárono con éxito 28. Isto supón unha porcentaxe de éxito de ó redor do 75%.
Neste curso non temos datos da enquisa de satisfacción. Propoñemos unha acción de mellora para poder dispor de información que nos axude a avaliar os resultados e mellorar se fose necesario.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:
- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Demanda de matrícula

A oferta de prazas deste curso é igual ca dos anteriores (50), pero é importante salientar o incremento na demanda (202 solicitudes) de bacharelato e 6 de titulados universitarios (2508098.INF. CIUG_2020-2021). O número de estudantes matriculados foi de 60.




Vemos, polo tanto, un incremento sostido na matrícula de primeiro curso con tódalas prazas ofertadas cubertas. Este aumento parece estar relacionado, por unha parte, coas accións que se desenvolveron en anos pasados dirixidas á

captación de alumnado; e por outra, coas perspectivas máis favorables de emprego que se constatan no incremento progesivo ano a ano do número de prazas nas convocatorias de oposicións para o Ensino Medio.
Tamén é significativo que, cun número maior de matriculados en primeiro, a nota media de entrada mellorara de maneira importante (9,17).




É por último, é tamén importante salientar que a nota de corte de entrada á titulación segue mellorando ano tras ano, de tal xeito que neste ano o número de estudantes coa nota media igual ou maior ca seis é do 100%.




Resultados

A valoración dos resultados fíxose a partir da información que nos consta nestes cursos sobre o percorrido académico e laboral do alumnado. En 6.1 ofrécese tamén información sobre outros índices que completa a valoración xeral dos resultados (taxa de éxito, taxa de rendemento, etc.).

Taxa de graduación e idoneidade

A taxa de graduación (relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis) é de 25, inferior á do ano anterior. Ata ese curso os datos dos anos anteriores amosaban un incremento sostido. Esta baixada temos que poñela en relación coa taxa de abandono RD 1393 da cohorte de novo ingreso do curso 2016-17 (47,37). Neste curso o alumnado de novo ingreso presentaba números baixos (24). En calquera caso, non é descartable que, dada a taxa de abandono, a situación sanitaria influíra na baixa taxa de graduación.

| | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Total | 19,35 | 31,58 | 38,10 | 38,46 | 48 | 25 |

A taxa de idoneidade na graduación expresa a relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou antes. Como se observa, este indicador amosaba un incremento sostido ano a ano, pero ese aumento truncouse no dous últimos cursos, sen dúbida a situación sanitaria puido axudar neste descenso.

| | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Total | 12,90 | 15,79 | 23,81 | 38,46 | 24 | 16,67 |

Duración media dos estudos

A duración media dos estudos presenta un descenso continuado para aproximarse á duración prevista na MV da

titulación. Este dato debe valorarse positivamente dado que presenta un descenso progresivo nos dous últimos cursos.

| | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Total | 5,55 | 5,27 | 4,89 | 5,40 | 4,67 | 4,59 |

Taxa de abandono RD 1393/2007

Os datos que constan para estes curso sobre a taxa de abandono RD 1393/2007 soben en relación cos anos anteriores. Esta taxa de abandono RD 1393 corresponde á cohorte de novo ingreso do curso 2016-17. Neste curso a taxa de abandono en primeiro xa foi do 38,46 e a taxa RD 1393 chegou ata o 47,37. O número de matriculados de novo ingreso, ese ano, foi moi baixo (24 alumnos/as). Isto pode explicar que o abandono dun número non moi alto de alumnado sexa moi significativo.

| Taxa abandono RD 1393/2007 | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Total | 41,94 | 47,37 | 23,81 | 50 | 40 | 66,67 |

Con respecto ó abandono no primeiro curso, as cifras, aínda que neste curso soben lixeiramente en relación co anterior, melloraron nos dous últimos cursos. A cohorte de novo ingreso para a taxa de abandono no primeiro curso é a do curso 2018-19, neste curso o número de matriculados en primerira opción que se contabilizan son 39 dun total de 48. Destes 39 houbo 9 persoas que non se matricularon no curso 2019-20 non no2020-21. Non parece desatinado relacionar estes abandonos coa crise sanitaria.

| Taxa abandono primeiro curso | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Total | 14,29 | 38,46 | 36 | 54,17 | 14,89 | 23,08 |

Taxa de éxito dos egresados

A taxa de éxito dos egresados (relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ó longo da titulación non que foi egresado e o número total de créditos ós que se presentou) presenta un incremento importante neste curso.

| | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Total | 85,14 | 85,82 | 85,09 | 85,68 | 85,92 | 92,48 |

Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados)

Con respecto á taxa de eficiencia dos egresados no curso 2020-21 obsérvase un incremento importante con respecto ó curso anterior.

| | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Total | 78,75 | 79,50 | 84,89 | 85,68 | 85,92 | 88,51 |

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información que se expón neste apartado está tomada das respostas recollidas nas enquisas realizadas ó alumnado do GLLG. O número de alumnos/as participantes nestas enquisas mantense nos últimos anos nunha porcentaxe un pouco superior ó 40%. É importante seguir realizando accións que favorezan a participación do alumnado.

Estudantes

*Satisfacción coa docencia recibida*

A valoración mantense nuns índices semellantes ó de anos pasados. Se observamos polo miúdo a enquisa, constátase que a valoración media está, en tódolos ítems, próxima ó 4. Os ítems máis valorados (4,21 e 4,28) están relacionados co cumprimento da programación e coa atención outorgada ó alumnado. É importante destacar que a participación chegou ata o 41,67%.

| | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Total | 4,09 | 4,15 | 4,11 | 4,10 | 3,91 | 4,03 |

*Satisfacción dos estudantes cos programas de mobilidade*

Neste curso só participou 1 alumno. Aínda que non parece que sexa moi significativo, o grao de satisfacción é moi importante (4,51% sobre 5)

*Satisfacción co Traballo de Fin de Curso*

Non hai datos de satisfacción co TFG por parte do alumnado. Propónse unha acción de mellora.

*Satisfacción co programa de prácticas externas*

Neste curso non houbo ningunha solicitude para a realización de prácticas externas. Non hai, polo tanto, datos de satisfacción do alumnado, nin dos titores académicos e profesionais.

*Satisfacción dos egresados coa titulación*

A satisfacción xeral dos egresados coa titulación mantense nunha porcentaxe semellante a dos anos anteriores(3,39%).

Profesorado

*Satisfacción coa docencia impartida*

No curso 2020-21 a satisfacción do profesorado coa docencia impartida mantense en niveis altos. E isto é importante, dado que a participación mellorou en relación co ano anterior (2019-20, 28,57%; 2020-21-36,70%%).

| | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Total | 3,77 | 3,96 | 3,85 | 4,18 | 4,14 | 4,09 |

No INF.14 a mellor valoración amósase en dous ítems relacionados co trato correcto mantido cos estudantes e coa súa accesibilidade nas aulas e nas titorías (4,88).

Tamén se mantén alta a satisfacción do profesorado coa titulación (4,14), pero, aínda que a participación é máis alta ca a do ano anteriores (2019-20, 12,90%; 2020-21,14,75%), cómpre animar ó profesorado a que participe máis activamente nas enquisas.

*Satisfacción do PDI coas actividades formativas*

No enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida inclúese un parámetro que indica o interese dos

profesorado en recibir formación de apoio en novas tecnoloxías para mellorar a docencia (4,3). En relación coa satiafacción do PDI coas actividades formativas, contamos con datos para toda a USC. De maneira que en xeral o profesorado está satisfeito coas actividades formativas. A valoración global é de 4,49, semellante á de cursos anteriores.

*Satisfacción xeral PAS*

O conxunto do PAS da Facultade de Filoloxía mostra un grao de satisfacción co seu traballo bastante alto (3,67). Tamén á alta a satisfacción do PAS coas actividades formativas, semellante, en todo caso, á de cursos anteriores (7,64 sobre 10).

Aspectos a valorar: 7.3. -Os valores de inserción laboral dos egresados do tituloson adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:
Non están ó noso dispor datos cos que revisar a valoración sobre inserción laboral presentada nos cursos precedentes (a última información que nos consta é referente á cohorte de egresados de 2013-14, tanto no informe 25001098_EIL_SIIU_2020-2021 coma nos datos da ACSUG http://www.acsug.es/es/insercion/graduados .
Con respecto a este criterio é preciso facer constar que tanto o centro coma a coordinación do grao a través dos portais web e das redes sociais difunden información sobre convocatorias públicas de contratación que poidan ser de interese para os graduados. De maneira especial, faise difusión das convocatorias de contratos en centros de investigación ligados ó Sistema Univeristario Galego.

| 3.MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS | |
|---|---|
| MODIFICACIÓN | XUSTIFICACIÓN |
| | |

| 4.LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES | | | |
|---|---|---|---|
| Criterios | Nº | Evidencia / Indicador | Documento/enlace |
| Todos | E1 | Memoria Vixente do título | ACSUG |
| Todos | E2 | Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora | ACSUG |
| 1 | E3 | Análise do perfil real de ingreso/egreso | Autoinforme, Criterio 1 |
| 1,6 | E4 | Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe) | Web do Título |
| 1,3 | E5 | Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión) | Enlace web ou PDF |
| 1 | E6 | Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos | Enlace web ou PDF(a facer pola UAXCD) |
| 1,6 | E8 | Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe | Autoinforme, Criterios 1 e 6 |
| 1,7 | I1 | Número de estudantes de novo ingreso por curso académico | 2501098_P.Ind_2020-2021 |
| | | | 2501098_INF.16_2020-2021 |
| | | | 2501098_INF.CiUG_2020-2021 |
| 1 | I2 | No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia | -- |
| 1 | I3 | Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados) | 2501098_P.Ind_2020-2021 |
| | | | 5040_INF.03_2020-2021 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 2 | E9 | Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*") | Web da USC |
| | | | Web do Centro |
| | | | Web do Título |
| 3 | E10 | Documentación do SGC (política e | Web do Centro |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | obxectivos de calidade, manual e procedementos) | |
| 3 | E11 | Evidencias da implantación dos procedimientos do SGC( procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, enseñanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública) | Web do Centro |
| 3,7 | E12 | Plans de mellora derivados da implantación do SGC | Web do Centro |
| 3,7 | E13 | Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,…) | Autoinforme, Criterios 3 e 7<br>Actas o informes |
| Todos | I4 | Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título | 2501098_P.Ind_2020-2021 |
| | | | 2501098_INF.04_2020-2021 |
| | | | 5040_INF.05_2020-2021 |
| | | | 2501098_INF.06_2020-2021 |
| | | | 2501098_INF.07_2020-2021 |
| | | | 2501098_INF.08_2020-2021 |
| | | | 2501098_INF.09_2020-2021 |
| | | | 5040_INF.10_2020-2021 |
| | | | 5040_INF.11_2020-2021 |
| | | | 2501098_INF.13_2020-2021 |
| | | | 2501098_INF.14_2020-2021 |
| | | | 5040_INF.21_2020-2021 |
| | | | 2501098_INF.22_2020-2021 |
| | | | 2501098_INF.23_2020-2021 |
| | | | 2501098_Informe_de_indicadores_2020-2021 |
| 3 | I5 | Resultados dos indicadores que integran o SGC | 2501098_P.Ind_2020-2021 |
| | | | 2501098_Informe_de_indicadores_2020-2021 |
| 4 | E15 | Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado | 2501098_E15_2020-2021 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc) | |
| 4 | E16 | Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado) | 5040_E16_2020-2021 |
| 4 | E17 | Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, … ) | Autoinforme, Criterio 4<br>Actas e informes |
| 4 | I6 | Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas | 5040_I6-I7_2020-2021 |
| 4 | I7 | Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas | 5040_I6-I7_2020-2021 |
| 4 | I8 | Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,… ) | 2501098_INF.13_2020-2021<br>2501098_INF.14_2020-2021 |
| 4 | I10 | Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título) | 5040_I10_2020-2021 |
| 5 | E18 | Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título | Web do Centro |
| 5 | E19 | Información sobre servicios de orientación académica e programas de acollida | Web do Centro |
| 5 | E20 | Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares | Enlace web ou PDF |
| 5 | I11 | Distribución alumnado por centros de prácticas | Enlace web ou PDF |
| 5 | E22 | Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia | Campus Virtual |
| 6 | E24 | Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación) | Enlace web ou PDF |
| 6 | E25 | Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título | 2501098_INF.15_2020-2021 |
| 6 | E26 | Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe | Autoinforme, Criterio 6<br>Actas o informes |
| 7 | E30 | Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU) | Autoinforme, Criterio 7<br>Actas o informes |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 6,7 | I12 | Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia):<br>- Taxa de graduación<br>- Taxa de abandono<br>- Taxa de eficiencia<br>- Taxa de rendimiento<br>- Taxa de éxito<br>- Taxa de avaliación | 2501098_P.Ind_2020-2021<br>2501098_INF.17_2020-2021<br>2501098_INF.18_2020-2021<br>2501098_INF.19_2020-2021<br>2501098_ INF_SIIU_2020-2021<br>2501098_Informe_de_indicadores_2020-2021 |
| 7 | I13 | Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso | 2501098_P.Ind_2020-2021<br>2501098_INF.CiUG_2020-2021<br>2501098_Informe_de_indicadores_2020-2021 |
| 7 | I14 | Resultados de inserción laboral | 2501098 _EIL-SIIU_2020-2021<br>2501098_EIL-ACSUG _2020-2021 |
| 1,4,5 | I15 | Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,….) | 2501098_P.Ind_2020-2021<br>2501098_Informe_de_indicadores_2020-2021<br>2501098_MedUSC_2020-2021 |

| ACCION DE MELLORA | |
|---|---|
| **Código** | GLLG_AM-1 (Curso 2020-2021) |
| Orixe | Informe de Seguimento |
| Ámbito de aplicación | Criterio 1 - Organización e desenvolvemento |
| Análise causa | Pouca participación do alumnado do GLLG en programas de mobilidade. |
| Definición/ descrición proposta | Realizar accións de difusión específicas<br>Maior fleixibilidade de acceso a tódolos convenios de alumnado de claquera grao da facultade |
| Datas | Finalización: 21/12/2022; Inicio: 01/09/2022 |
| Estado/Eficacia | Estado: Activa; Eficacia : -- |
| Responsables | María Sol López Martínez |
| Tarefa1 | GLLG_AM-1.1 |
| Descrición tarefa | Convocar a unha reunión ó alumnado de 2º e 3º a principios de setembro para explicarlle a importancia de participar nos programas de mobilidade e para animalos a que tamén asistan ás charlas informativas da facultade, que se adoitan celebrar a principios de curso para que coñezan de maneira directa a importancia destas estadías para á súa formación e o seu funcionamento. |
| Data prevista de finalización | 31/12/2022 |
| Responsable | María Sol López Martínez |
| Estado | Activa |

| ACCION DE MELLORA | |
|---|---|
| **Código** | GLLG_AM-2 (Curso 2020-2021) |
| Orixe | Informe de Seguimento |
| Ámbito de aplicación | Criterio 1 - Organización e desenvolvemento |
| Análise causa | Baixa participación nas prácticas externas |
| Definición/ descrición proposta | Realizar na primeira semana de setembro unha reunión co alumnado.<br>Valorar a redución do número de créditos aprobados para solicitar as prácticas. |
| Datas | Finalización: 31/12/2022; Inicio: 01/09/2022 |
| Estado/Eficacia | Estado: Activa; Eficacia : -- |
| Responsables | María Sol López Martínez |
| Tarefa1 | GLLG_AM-2.1 |
| Descrición tarefa | Convocar unha reunión co alumnado de 2ª curso para explicarlle as posibilidades de realizar estas prácticas e trasladarlle a importancia na súa formación. |
| Data prevista de finalización | 31/12/2022 |
| Responsable | María Sol López Martínez |
| Estado | Activa |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |

| ACCION DE MELLORA | |
|---|---|
| **Código** | GLLG_AM-3 (Curso 2020-2021) |
| Orixe | Informe de Seguimento |
| Ámbito de aplicación | Criterio 6 - Resultade de aprendizaxe |
| Análise causa | Necesidade de mellorar a información  relacionada cos TFG. |
| Definición/ descrición proposta | Realizar accións de difusión |
| Datas | Finalización: 31/12/2022; Inicio: 01/06/2022 |
| Estado/Eficacia | Estado:; Eficacia; Data Estado: |
| Responsables | María Sol López Martínez |
| Tarefa1 | GLLG_AM-3.1 |
| Descrición tarefa | Realizar envío de comunicacións personalizadas ó alumnado que presente os TFG coa finalidade de recadar a súa participación. |
| Data prevista de finalización | 31/12/2022 |
| Responsable | María Sol López Martínez |
| Estado | |

| ACCION DE MELLORA | |
|---|---|
| **Código** | GLLG_AM-4 (Curso 2020-2021) |
| Orixe | Informe de Seguimento |
| Ámbito de aplicación | Criterio 7. Indicadores de satisfacción. - |
| Análise causa | Necesidade de mellorar a información relacionada coas prácticas externas. |
| Definición/ descrición proposta | Realizar accións de difusión |
| Datas | Finalización: 31/12/2022; Inicio: 01/09/2022 |
| Estado/Eficacia | Estado:; Eficacia; Data Estado: |
| Responsables | María Sol López Martínez |
| Tarefa1 | GLLG_AM-4.1 |
| Descrición tarefa | Realizar envío de comunicacións personalizadas ó alumnado, ós/ás titores profesionais e ós/ás tirores académicos/as para animalos a cubrir as enquisas de satisfacción. |
| Data prevista de finalización | 31/12/2022 |
| Responsable | María Sol López Martínez |
| Estado | Activa |